



8M²⁰²⁰

MATERIAIS para traballar
nas aulas de **PRIMARIA**



Introdución

Os centros educativos son un espazo no que o alumnado vive moitas das súas experiencias académicas e persoais. É un dos lugares onde os/as nenos/as descubren o mundo e comezan a formar a súa personalidade. Isto non só ocorre durante as aulas, tamén ocorre no corredor, no patio, no ximnasio, etc.

A xente que se implica na súa formación, ten a responsabilidade de traballar para que desenvolvan todas as súas capacidades intelectuais, físicas, emocionais e sociais. Esforzámonos para que desenvolvan habilidades que lles permitan relacionarse desde o respecto e o recoñecemento mutuo; para que se comprometan co coidado das persoas coas que conviven e coa súa propia vida; para que as súas experiencias non estean marcadas por imposicións de roles que lles diten como deberían ser.

É igualmente importante que se preparen para afrontar as inxustizas derivadas do sistema sexo-xénero e que se desenvolvan para que participen de maneira activa e crítica, comprometidos/as coa sociedade e o tempo que lles toca vivir.

Dar visibilidade e comprender as causas das inxustizas e as desigualdades son accións fun-

damentais para camiñar cara a unha sociedade máis xusta.

Sen isto, é moito máis difícil pensar e actuar de cara a mitigalas. Actuar para mitigar as inxustizas é responsabilidade de todas as persoas, independentemente do sexo-xénero. Somos actores e actrices con diferentes capacidades de acción para contribuír ao cambio social.

Nós, como educadores/as, profesores/as temos grandes oportunidades para marcar a diferenza nese proceso, porque actuamos nun campo privilexiado que é o espazo educativo. Estamos en contacto co alumnado diariamente e por que somos quen pensa e propón as actividades.

O 8 de Marzo, día Internacional das Mulleres, é un bo momento para tratar os temas relacionados coas inxustizas de sexo-xénero tanto dentro da aula como no centro educativo. A celebración desta data é estratéxica para dar visibilidade o problema fundamental na nosa sociedade, as inxustizas de sexo-xénero, as que afectan especialmente ás mulleres e ás nenas.

As inxustizas de sexo-xénero son unha das lacras que nos impiden vivir nunha sociedade xusta e igualitaria. Isto fai que a día de hoxe o número



de asasinadas por violencia machista siga sendo unha dura realidade, aínda que negada por certos sectores da nosa sociedade. Isto lévanos a pensar que malia á conquista de moitos dos dereitos e liberdades para as mulleres, queda moito por facer.

Por todo isto, o material que tes nas mans pretende contribuír para que o profesorado poida introducir estes temas nas súas aulas. É un recurso de apoio ante o desafío de facer das súas aulas un espazo de acción fronte ás inxustizas de sexo-xénero.

As propostas que seguen están descritas de forma que o/a docente poida adaptala segundo o grupo co que vai traballar. Cada dinámica contén unha pequena introdución que aborda un pouco o tema que se traballará a continuación. Conta cuns obxectivos específicos, os materiais necesarios, o seu “paso a paso” e, por último, algúns puntos a ter en conta no momento da dinamización. Tamén podemos atopar un glosario para axudar a aclarar determinados conceptos, xa que son imprescindibles para introducilos nas análises e reflexións que se fagan.

Obxectivos

- ▶ **Sensibilizar sobre as opresións relacionadas co sexo-xénero.**
- ▶ **Cuestionar estereotipos de sexo-xénero.**
- ▶ **Prover ferramentas para o desenvolvemento de habilidades e condutas non machistas.**
- ▶ **Poñer en valor o movemento feminista e as súas conquistas.**

Metodoloxía

Como proposta metodolóxica recomendamos potenciar todo o posible a participación do alumnado nas actividades. Propomos actividades que fomenten a reflexión, o diálogo, a creatividade e a construción colectiva. Son perfectamente adaptables a diferentes contextos e recursos.

Partimos da idea de que as crianzas teñen coñecementos e capacidades diversas que debemos ter en conta para debater e entender as problemáticas tratadas. Isto contribúe á participación e a que enfronten as inxustizas do sistema sexo-xénero.

Seguindo as ideas de Paulo Freire, o papel do profesorado debe ser o de implicarse para que o alumnado adquira habilidades para ler o mundo, estimular e despertar as consciencias. Afastándose da idea de que o profesorado debe depositar os seus coñecementos no alumnado como se fosen seres absolutamente baleiros e receptivos.

Seguindo as súas ideas, as actividades propostas colocan ao profesorado nunha posición de orientador/a e de mediador/a de temas de igualdade que forman parte da realidade e dos intereses do alumnado. Entendemos que este non é un traballo doado, pero é necesario e di moito sobre os valores e actitudes que queremos promover.

É preciso diminuír a distancia entre o que se di e o que se fai, ata que, nun determinado momento, a túa fala sexa a túa práctica.

PAULO FREIRE

Antes de comezar, é importante ter claro que as problemáticas relativas ao sexo-xénero deben ser abordadas dunha forma transversal. Se por un lado isto fai que sexa máis complexo, por outro, abre posibilidades e é enriquecedor.

Hai que ter en conta que o coñecemento e os materiais de ensino teñen unha perspectiva antropocéntrica de xénero que son transmitidos como unha historia única e verdades absolutas; negando outras historias, realidades e coñecementos de colectivos minorizados, como son as mulleres. Esas ideas tradúcense nunha identidade normativa, estándares e en modelos de comportamentos que reforzan a construción da desigualdade entre as persoas.

Por iso, interesa estimular o cuestionamento dos modelos e como son reproducidos, para desfacer o imaxinario heteropatriarcal que divide a nosa sociedade en dous mundos: o mundo dos homes e o das mulleres.

Así, sobre eles establécese que determinadas características fisiolóxicas do corpo das persoas, como os xenitais, deben coincidir coa identidade sexual e a orientación sexual, que tamén están divididas en dúas e son presentadas como opostas e complementarias. Tamén paga a pena tentar algúns aspectos que marquen a diferenza no proceso de formación:

- ▶ **Non tratar o tema con inxenuidade.** Están aumentando as novas falsas e os discursos de odio de cara ás mulleres e ao movemento feminista. Isto leva a actitudes de negación, escarnio e minimizar as problemáticas relativas ao sexo-xénero. Este tipo de ataques son vistos nas crianzas, sendo importante recoñcelos e debatelos. Estes temas fundamentais deben ser tratados con seriedade.
- ▶ **Proporcionar un espazo inclusivo e seguro para o debate.** Iso implica coidar que todas as persoas se sintan escoitadas, de forma que sintan que a súa palabra e ideas valen.
- ▶ **Ter unha linguaxe inclusiva.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva, equilibrando o uso de femininos e masculinos. Escoitar todas as opinións é fundamental para o bo desenvolvemento de calquera actividade.
- ▶ **Non naturalizar estereotipos.** Un dos traballos previos é repensar prexuízos e estereotipos que temos interiorizados e que reproducimos sen darnos conta nas nosas actitudes.
- ▶ **Dar visibilidade da realidade e das achegas doutros grupos sociais.** É fundamental estar atentos/as a como outras opresións operan, de maneira articulada, coas de sexo-xénero. É preciso dar visibilidade á diversidade que existe nas nosas aulas para que os problemas sexan vistos e busquemos solucións.
- ▶ **Rexeitar todo tipo de violencia, incluída a existente contra o colectivo LGTBIQ¹.**

ACTIVIDADE 1. Que é isto do 8M?

Introdución

O día 8 de marzo transcorren manifestacións moi diversas en todo o planeta. Isto fai que sexa imposible que os medios de comunicación e os poderes políticos e económicos queden á marxe. Pero non sempre foi así.

A orixe do 8 de marzo remóntase a finais do século XIX. É un recordatorio das loitas e logros sociais e políticos das mulleres ao longo do tempo, e as que se queren alcanzar. É un día no que as mulleres separadas por fronteiras nacionais e con diferentes etnias, linguas, culturas, economía e políticas únense para reivindicar e lograr o

recoñecemento, os dereitos e a igualdade ante a sociedade. Tamén é un momento de dar gran visibilidade á loita que as mulleres fan cada día.

En todo o mundo, este día gañou moita repercusión mediática, o que é moi positivo para facer ver as inxustizas relacionadas co sexo-xénero. Tamén é certo que a forma como os noticiarios tratan estas mobilizacións e accións feministas non sempre transmiten a información de forma axeitada. En moitos casos vemos que tratan estas accións como se fosen algo puntual, localizadas e con un número de persoas participantes menor do que ocorre na realidade.

Con esta actividade queremos dar a coñecer o movemento feminista, as súas accións ao redor do mundo e aquí na Galiza. Facer que o alumnado coñeza por que as mulleres se mobilizan, por que é o día das mulleres, cal é a súa importancia, cales son as súas reivindicacións...

Esta actividade quere contribuír a que o alumnado desenvolva capacidades de análise crítica para buscar e contrastar a información que atopan ou lles chega. Este é un gran desafío que nos axudará dado o aumento de novas falsas, censuras e desinformación. O proceso de descuberta e de creación de discursos por parte do alumnado é clave para cambiar esta realidade.

Obxectivos

- ▶ Dar a coñecer a historia e acontecementos ao redor do 8 de marzo (8M).
- ▶ Sensibilizar sobre a importancia do 8M e das loitas cotiás.
- ▶ Dar visibilidade ás reivindicacións feministas.

Materiais

- ▶ Material para investigación: xornais, revistas, internet, libros.
- ▶ Tesoiras.
- ▶ Pegamentos.
- ▶ Cartolinas.
- ▶ Outros (a depender do profesorado).

Paso a paso

1. Iniciamos o xogo creando unha atmosfera de dúbidas sobre o que acontece ao redor do 8 de marzo (8M).

¹ Lésbicas, Gays, Bisexuais, Trans, Intersexuais e Queer.



2. Podemos facerlles preguntas sobre o que saben do 8M, se saben do que vai pasar na súa aldea, pobo, cidade, etc. Preguntamos se eles/as saben algo, se teñen algunha pista das causas e do que queren conseguir.
3. Igual que en todo proceso de investigación, as fontes da información deben ser fiables, así que preguntamos sobre as fontes da súa información: Onde a escoitaron? É unha fonte fiable?
4. Apuntamos no cadro algunhas ideas chave para deixalas visibles.
5. Rematada a chuvia de ideas introdutoria, invitamos ó alumnado ao ser investigadores/as. O noso obxectivo é descubrir o que realmente ocorre ao redor do 8M: a súa orixe, os obxectivos, etc. Faremos esta tarefa en equipos.
6. Dividimos a aula en grupos pequenos.
7. Dámoslles un pequeno guión (en anexo).
8. Con este guión, o alumnado buscará a información que se lles pide.
9. Os resultado da súa investigación deberá estar rexistrado en forma de mural.
10. Cada mural debe ser presentado e despois colgado nas paredes do centro educativo para que outros alumnos/as poidan velo.

Puntos a ter en conta

- ▶ O proceso de investigación poderá ser máis ou menos profundo, dependerá dos obxectivos e recursos do profesorado. Por iso a estrutura de investigación queda a cargo das decisións do orientador/a do traballo.
- ▶ O guión de investigación pode ser máis ou menos amplo dependendo do obxectivo do

profesorado, pero a base poderá ser a que propomos no anexo.

- ▶ Os produtos e a presentación da investigación tamén poden ser variados e dependerá dos recursos existente. Como alternativas tamén poden elaborarse spots de radio, vídeos, etc. A creatividade sempre é benvinda.

ACTIVIDADE 2. Des-caracterizar o sexo-xénero?

Introdución

Un dos piares do sistema tradicional de sexo-xénero é a construción de modelos únicos, duais e de estereotipos. Os cambios sociais e a conquista de dereitos das mulleres fan que estes estereotipos se adapten os novos contextos evolucionando a formas máis complexas. Esta adaptación é unha das estratexias utilizadas polo sistema patriarcal para manter ás mulleres nunha situación de submisión. Esta submisión reflíctise no elevado número de mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas sentimentais.

Na chamada segunda ola do movemento feminista deuse un dos pasos importantes para afrontar os estereotipos e a desnaturalización das desigualdades de sexo-xénero. Neste período, logrouse poñer no debate político a existencia da separación entre características físicas, os corpos, e as construcións sociais naturalizadas sobre eles, ou sexa, o que entendemos por feminino e masculino.

Separamos as características e comportamentos entendidos como feminino como pertencente aos corpos interpretados como de mulleres. Da mesma forma, separamos o entendido por mas-

culino, aos corpos entendidos como de homes. Logramos facer que a submisión das mulleres non se dea pola súa condición natural de muller, e si, por construción sociais. De aí a famosa frase de Simone de Beauvoir “Non se nace muller, tórnase”. Algo fundamental para desnaturalizar os roles e os estereotipos.

Ademais abriunos posibilidades a todas as persoas, independentemente do corpo e das características físicas, de adoptar diferentes características estéticas, papeis, roles, actividades, comportamentos, etc. Toda esta diversidade da nosa sociedade é cada vez máis evidente nas nosas aulas, onde o machismo tamén actúa.

Por isto, é fundamental reflexionar sobre estes temas canto antes, de forma que poidamos desmitificalos e aclarar conceptos e ideas. Isto contribúe a que poidamos construír a nosa identidade de forma máis libre, respectarnos e convivir dende as diferenzas, entendéndoas como algo positivo e enriquecedor.

Obxectivos

- ▶ Analizar o concepto de xénero e as diferenzas existentes entre sexo e xénero.
- ▶ Identificar como se crean as diferenzas de xénero no proceso de socialización.
- ▶ Romper cos estereotipos de xénero.

Materiais

- ▶ Lista de características (en anexo).
- ▶ 4 imaxes de corpos espidos:
 - Imaxe de corpo con vulva e estereotipos femininos (por exemplo: pelo longo).
 - Imaxe de corpo con pene e estereotipo masculino (por exemplo: pelo curto).
 - Imaxe de corpo con vulva e estereotipo masculino (por exemplo: pelo curto).
 - Imaxe de corpo con pene e estereotipo feminino (por exemplo: pelo longo).

Paso a paso

1. Introducimos o tema sobre as diferenzas biolóxicas e culturais.
2. Logo, dividimos a aula en grupos pequenos.
3. Cada grupo recibirá unha lista de nomes (características, adxectivos, partes do corpo, etc) e 4 imaxes de corpos espidos.

4. Con ese material, eles/as deberán: relacionar os nomes cos corpos.
5. Finalizada a actividade nos grupos, facemos unha posta en común e reflexionamos sobre o que se presenta. Algunhas preguntas que axudan ao debate poden ser:
 - ▶ Que características son fixas e cales non?
 - ▶ As persoas xa nacen con estas características?
 - ▶ Como sei que son unha rapaza? Como sei que son un rapaz?
 - ▶ Por que pensamos que nacemos con estas características culturais?
 - ▶ Que nos fai pensar que todos os homes son desta maneira e todas as mulleres son desta outra?
 - ▶ Cales son as consecuencias de pensarmos así?
 - ▶ Que pasa cando unha rapaza ten (características)? Que pasa cando un rapaz usa (unha prenda de roupa, por exemplo)?


Puntos a ter en conta

- ▶ A persoa docente debe aclarar ideas do alumnado ao mesmo tempo que as debe cuestionar para que pensen sobre o que din.
- ▶ Nestas idades identifican moi ben as diferenzas que a nosa sociedade fai entre os sexos masculino e feminino.
- ▶ Cando o debate deriva sobre as consecuencias das diferenzas, quen dinamiza debe prestar atención para axilizar o debate e a reflexión.
- ▶ Canto máis próximos sexan os exemplos citados á realidade das crianzas, máis interesante e propio se fai o tema. En consecuencia, máis implicado e atento estará o alumnado.

ACTIVIDADE 3. Eu fago, eu son

Introdución

As dinámicas máis sinxelas son, en moitas situacións, as máis difíciles de dinamizar. Isto ocorre porque esixe da persoa que dinamiza unha atención constante, dominio do contido, capacidade de cuestionar e de argumentar. Son as que máis resultado dan cando están ben feitas. Estas actividades provocan no alumnado unha gran capa-



cidade de atención, reflexión e argumentación. Aspectos moi necesarios para romper cos estereotipos e roles de xénero, que son unha das causas da existencia das desigualdades e inxustizas da nosa sociedade. A actividade céntrase nestes temas.

Como sabemos, determinamos de maneira case inmediata o sexo, xénero e ata orientación sexual dunha persoa, a partir da súa vestimenta, da súa profesión e de facer determinadas actividades. Este proceso de identificación é unha das primeiras categorizacións que facemos cando coñecemos a unha persoa. Sobre esta categorización (se é home, muller, gay, trans, lésbica, xitanas, migrantes...) tamén reaccionamos e establecemos comportamentos diferenciados segundo os nosos valores, contextos e ideas preconcebidas. O levar a cabo esta categorización podemos reproducir comportamentos que oprimen.

O alumnado de primaria non é alleo a esta realidade. De diferentes maneiras, esta xa forma parte das súas vidas. Nas nosas aulas hai crianzas cis e trans, e elas están continuamente sendo cuestionadas sobre as súas identidades e sofren presións de diferentes formas para encaixaren dentro dun modelo. Os nenos cis tampouco son alleos a esta presión. Reciben moitos estímulos para que se identifiquen e se recoñezan dentro do modelo cisheteronormativo, cuxos imaxinarios e comportamentos machistas son unha premisa.

Obxectivos

- ▶ Analizar as distintas funcións asignadas socialmente aos diferentes xénero.
- ▶ Deconstruír os estereotipos e roles de xénero.

- ▶ Relativizar a necesidade da caracterización dicotómica das persoas.

Materiais

- ▶ Imaxes de persoas realizando actividades.

Paso a paso

1. Preséntanse varias imaxes de persoas sen mostrar características que identificamos como dun determinado sexo (pelo, barba, pendentes, corpos e roupas sexualizadas). Para isto, buscamos imaxes o máis neutrais posibles e ocultamos o seu rostro.
2. Pediremos ao grupo que as describan:
 - ▶ Características físicas.
 - ▶ Habilidades que deben ter para desenvolver a tarefa.
3. Logo, buscamos identificar que sexo desenvolve esta actividade e por que. Xeramos así un debate.
4. De seguido, mostramos a totalidade das imaxes de forma que verifiquen algunhas das características que dean indicios sobre o sexo.
5. Reflexionamos sobre as interpretacións do grupo e as identidades das persoas. Cuestionamos sobre os estereotipos.

Puntos a ter en conta

- ▶ A proposta do xogo é facer o alumnado dudar sobre cales son as características que lles poidan dar pistas sobre o sexo e o xénero da personaxe, co fin de axudar a deconstruír os estereotipos de xénero e a relativizar a necesidade que temos, na nosa sociedade, de definir o sexo-xénero en home ou muller.

- ▶ As imaxes poden ser de persoas reais, debuxos ou deseños. Os libros didácticos están cheos delas.
- ▶ É interesante que as imaxes poidan ir das máis fáciles ás máis complexas para crear un debate gradual e progresivo.
- ▶ Con cada imaxe presentada, o alumnado poderá facer preguntas, apuntar os consensos alcanzados polo grupo e as dúbidas.
- ▶ Provocar a dúbida e a incerteza é unha estratexia interesante para que conecten co xogo. Outra estratexia é preguntar sobre a quen lle gustan certas actividades e por que.

ACTIVIDADE 4. A palabra é...

Introdución

Estamos habituadas a ter que memorizar palabras, fórmulas e conceptos sen moitas veces pensar sobre o seu significado e as súas implicacións na nosa vida e na de outras persoas. Introducímolas no noso vocabulario e reproducímolas sen moita preocupación, como se fosen pasos dunha coreografía.

Tomemos como exemplo palabras como igualdade, liberdade, muller, home... parecen tan obvias que non reflexionamos sobre elas. A consecuencia disto é que reducimos a súa comprensión e significado sen ter en conta os diversos factores que poden influír, os contextos nos que poden ser aplicadas, as implicacións do seu uso reducido e as consecuencias.

Nesta sinxela dinámica sobre o significado das palabras, damos pé a pensar sobre elas e os seus significados, a súa relación cos distintos contextos a partir da realidade e o imaxinario do alumnado. É só a partir de aí cando reflexionaremos conxuntamente co alumnado.

Trátase dunha dinámica para comezar a introducir conceptos a partir da articulación e comprensión das palabras que cada unha ten das súas vivencias. A construción de relación entre elas fai que o alumnado constrúa colectivamente o significado das mesmas, de forma que as comprendan en profundidade, dándolles sentido.

Aínda que sexa un xogo inicialmente fácil, require da sensibilidade do profesorado para introducir cuestións que polemizen co senso común

da xente que intervéñen nesta actividade. Esta é a dificultade e desafío propostos na dinámica. Máis que nunca, o profesorado ten o papel chave de acompañar, de mediar e contribuír para o desenvolvemento das habilidades de reflexión do alumnado.

Nel pódense utilizar diferentes palabras chave, ou sexa, aquelas coas que queremos traballar. Propomos comezar sempre das máis sinxelas ás máis complexas, dando tempo para que o alumnado poida avanzar de maneira progresiva na complexidade do tema e nas dúbidas que fosen xurdindo.

O diálogo, a capacidade argumentativa ou de facer preguntas, son outras habilidades que este xogo pretende promover. Habilidades tan necesarias para que o alumnado poda ver o mundo de maneira crítica.

Obxectivos

- ▶ Dar un contido e un significado máis complexo a termos que pensamos que son simples.
- ▶ Reflexionar sobre o significado das palabras que escoitamos habitualmente ao redor do 8 de marzo.

Materiais

- ▶ Follas en branco.
- ▶ Bolígrafos.

Paso a paso

O obxectivo é escribir palabras que teñan relación e dean significado ao estereotipo sexoxénero, baleiraremos de contidos eses termos e darémolles outros máis igualitarios. Estas palabras serán propostas pola persoa que dinamice.

Os pasos serán os seguintes:

1. Dividimos a aula en pequenos grupos.
2. Introducimos unha narrativa de contexto na que se imaxinen como nun concurso televisivo nas que eles/as son as concursantes.
3. Cada grupo recibe unha folla e un bolígrafo e o grupo decide quen será a persoa que escribe.
4. Presentamos o xogo:
 - ▶ A persoa dinamizadora dirá unha palabra e os grupos deben escribir ata 7 palabras que dean significado á palabra clave proposta polo/a dinamizador/a.

- ▶ O primeiro grupo que remate as 7 debe gritar STOP. E todos os outros grupos deben levantar as mans en sinal de que non van escribir máis.
 - ▶ Gaña quen remate primeiro e teña as 7 palabras que dan significado á palabra chave. Por exemplo: avión/ viaxe, transporte, voar... Pero non podería ser música, carro, acento...
5. O xogo terá un total de 4 ou 5 palabras chave. A primeira é para que entendan a dinámica, e as outras 3 ou 4 para traballar os conceptos.
 6. Propostas de palabras:
 - ▶ Instituto.
 - ▶ Home.
 - ▶ Muller
 - ▶ Desigualdade.
 - ▶ Igualdade.
 - ▶ 8 de marzo.
 7. Empezamos pola primeira palabra. Dícimo-la e a escribímolas no encerado. Agardamos ata que o primeiro grupo diga stop. Todos os outros grupos deben parar.
 8. Despois de cada palabra, a persoa dinamizadora fará a análise da relación de palabras e o cómputo dos puntos.
 9. Farase da seguinte maneira: cada grupo di as súas palabras e colectivamente valórase se son válidas ou non.
 10. As palabras válidas son colocadas nunha lista debaixo da palabra chave para que queden rexistradas e así construír o significado grupal da palabra chave.
 11. O final de cada quenda de palabras, a persoa dinamizadora debe facer un resumo do que significa a palabra chave a partir do que saíu.
 12. A persoa dinamizadora debe aclarar o concepto construído colectivamente de forma que articule os diferentes significados da palabra chave e o contexto no que ela se insire.
 13. Tamén é interesante relacionalas coas palabras das quendas anteriores, de forma que se repitan e aclaren ideas.
- plexas, para que o debate vaia complicándose a medida que avanzamos.
- ▶ Cando aclaramos os significados das palabras chave, ou sexa, no momento de validar os significados de cada grupo, é importante que a persoa dinamizadora pregunte por que a palabra é válida ou non. Pódense pedir exemplos, preguntar sobre situacións na que vexan a relación, etc.
 - ▶ No momento en que cada grupo presente as súas palabras, poden aparecer varios estereotipos, por iso é importante entender o significado e o contexto ao que se refiren. Os criterios para isto deben ser de co-responsabilidade entre alumnado e quen dinamiza.
 - ▶ A intención non é nin descartar todos os estereotipos, nin poñelos todos. O importante aquí é entender por que se fai a relación dunha palabra con outra e en que contexto, para ver as asociacións que facemos entre as palabras.
 - ▶ Se hai algún momento de dúbida é fundamental que se aclaren as ideas, relaciónense e xustifiquense.
 - ▶ O resto dos grupos tamén pode rebater desde a argumentación. É neste momento onde aparecerán as conexións de ideas e conceptos que serán traballados colectivamente.
 - ▶ Tamén é importante que aínda tendo consensos sobre a relación entre palabras, por exemplo: muller - loita, home- pene; estas sexan cuestionadas, abrindo espazo para o debate.
 - ▶ Puntuar os grupos é importante, especialmente no inicio do xogo. Vivimos nunha sociedade onde aprendemos a competir e esta é unha forma de que o alumnado mostre máis interese na actividade. Pero debemos fomentar outras lóxicas. Como estratexia propomos que mentres o xogo avanza, é interesante resaltar importancia á puntuación, inclusive cuestionándoa ante o alumnado. Outra estratexia é cambiar os integrantes dos grupos na metade do xogo, de forma que pola(s) equipa(s) gañadora(s) pasen o maior número de persoas, converténdoa nunha vitoria colectiva.

Puntos a ter en conta

- ▶ É fundamental que a orde das palabras escollidas vaia das máis sinxelas ás máis com-

ACTIVIDADE 5. Imaxes que falan, accións que cambian

Introdución

As desigualdades de xénero están dentro do imaxinario social como algo difícil de modificar. Aparecen como algo alleo a nós. Próximo ao público adulto, ao ambiente de traballo, de competencia e dos poderes políticos.

Esta idea de distanciamento despóxanos da capacidade de acción sobre a nosa contorna. De aí tamén que tardemos en darnos conta de como estas desigualdades van calando nos nosos corpos, sendo interiorizadas, cada día, sen decatarnos.

A repetición desas desigualdades, xunto coa falta de respostas a elas, fai que as percibamos como normais e naturais, e se por riba, nos din: “hai lugares onde son peores”; a mensaxe queda clara: “non hai nada que podamos facer”. Así consentimos e permitimos a súa existencia.

Propomos esta dinámica ante esta naturalización das desigualdades e mensaxes de pasividade desta sociedade machista. Buscamos poñer en evidencia o que entende o alumnado por desigualdades de sexo-xénero; traballar con eles/as sobre as súas causas e consecuencias e motivalos/as á acción.

Escoitamos moitas veces a frase: “unha imaxe vale por mil palabras”. Pode ser certo. Nunha imaxe hai diversos elementos nos que están implícitos significados que moitas veces son difíciles de explicar e describir por medio de palabras. Conseguen captar os sentimentos, éntannos polos ollos e fannos viaxar pola imaxinación e polos recordos e emocións de situación vividas e coñecidas.

Así que por medios de construcións de imaxes, invitaremos ao alumnado a representar as formas de desigualdade de sexo-xénero que elas identifican, viven e observan na súa contorna. Esta é unha forma eficaz de comunicación na que o alumando poderá expresar a súa comprensión sobre o tema. Ademais é unha forma de poder concretar situacións abstractas.

Ser capaz de identificar situacións e sentirnos parte do problema fai máis fácil pensar alternativas de acción e imaxinar como serían determinados contextos sen estas desigualdades.



A utopía está aló no horizonte. Aproxímore dous pasos, ela afástase dous pasos. Camiño dez pasos e o horizonte corre dez pasos. Por máis que eu camiñe, xamais a alcanzarei. Para que serve a utopía? Serve para iso: para que eu non deixe de camiñar.

EDUARDO GALEANO

Obxectivos

- ▶ Identificar e sensibilizar sobre as desigualdades de sexo-xénero.
- ▶ Representar as desigualdades e inxustizas de sexo-xénero.
- ▶ Reflexionar sobre as causas e consecuencias das opresións de sexo-xénero.

Materiais

- ▶ Follas de papel.
- ▶ Pinturas.

Paso a paso

1. En círculo, preguntamos ao alumnado sobre o que saben do día 8 de marzo. Por medio de chuvia de ideas, a persoa dinamizadora recolle as percepcións e os coñecementos, e vai aclarando e explicando o significado deste día.
2. Dividimos a aula en pequenos grupos.
3. Pedimos que fagan debuxos sobre situacións actuais nas que identifiquen a existencia de desigualdades de sexo-xénero contra as que o movemento feminista loita.
4. Podemos incidir en que poñan exemplos que eles/as coñezan, podéndoos ter dentro do colexio, no barrio, na casa, etc.
5. Os debuxos poden ter diferentes estilos (banda deseñada, realistas...) e incluír palabras. Para cada situación/ desigualdade, utilizaremos un papel.



6. Expomos os debuxos como se fose un mural.
7. Pedimos que o alumnado observe os debuxos dos/as compañeiro/as como se estivesen nun museo.
8. Despois de observalos, pedimos que os grupos fagan unha presentación das imaxes representativas das desigualdades.
9. Durante as presentacións, a persoa dinamizadora pode abrir un inciso para preguntas ao grupo e facer as preguntas que axuden a aclarar as razóns e as consecuencias desas desigualdade e inxustizas.
10. Tamén debe introducir conceptos e dar nomes aos tipos de desigualdades.
11. Cada grupo vólvese reunir. Invitámoslos/as a buscar solucións para as desigualdades que elas/es representaron facendo preguntas como:
 - ▶ Como podemos resolver estas desigualdades?
 - ▶ Que poderían facer eles/as e tamén outras persoas para que isto non existise?
12. Esta representación poderá ser por medio de debuxos, pero tamén en frases.
13. As solucións tamén son presentadas para toda a aula. Neste momento é sempre importante que o profesado estea atento por se as solucións son reais, posibles, ou son imaxinarias².
14. É fundamental alertar ao alumnado sobre a nosa responsabilidade no proceso de cambio social tanto con respecto ás nosas propias

actitudes, como actuando ante as inxustizas. Aquí deixaremos claro que non actuar ante unha inxustiza tamén é posicionarse.

Puntos a ter en conta

- ▶ Durante a chuvia de ideas é moi importante apuntar e aclarar as ideas, conceptos e situacións que xorden do alumnado e aportar informacións que descoñecen. Unha boa forma de facer isto é preguntarlles sobre situacións que lles axuden a concretar pensamentos abstractos.
- ▶ Teremos en conta que os conceptos poden estar claros para algúns, pero non para todos/as.
- ▶ Como tratamos de desigualdades falaremos de todos os aspectos estruturais que permiten que existan. Falamos da linguaxe, da ocupación e división dos espazos, dos privilexios, dos valores, das normas (incluída a lexislación e a súa interpretación), dos traballos, dos soldos, das cargas horarias, da representatividade, dos xogos, xoguetes, en fin, de todo. É interesante que o profesorado toque moitos destes temas durante a chuvia de ideas de forma que aumente o campo de visión do alumnado sobre o tema.
- ▶ Canto máis concretas sexan as situacións representadas polo alumnado, mellor.
- ▶ Un acompañamento de preto aos grupos é moi importante. Achegarse aos grupos e escoitar por onde van os debates, sen interromper, ou simplemente axudando con preguntas, dara-

² No senso de que unha lei non cambia o comportamento das persoas e dos gobernantes, pero non deixa de ser unha ferramenta.

vos pistas para logo facer preguntas no debate e axudarlles a concretar o pensamento.

- ▶ Para a observación das imaxes é interesante que estas estean expostas de forma bonita e separadas, xa que contribúe a que os alumnos/as poidan gozar das súas producións e sentirse valorados/as. Ademais, con máis espazo entre cada obra a aglomeración de alumnos/as é menor.
- ▶ As producións poden ser expostas no centro educativo, co obxectivo de chamar a atención sobre o tema.

ACTIVIDADE 6. Entroido da igualdade

Introdución

O entroido é tradicionalmente unha festa popular coñecida polo escarnio, a crítica social e a sátira política; expostas por medio dos disfraces, da música e polos discursos emitidos. Porén vemos como a capitalización e mercantilización desta festa tamén ten intensificado os discursos e estereotipos de xénero.

Como sabemos, os estereotipos de xénero son modelos fixos que atribuímos a un grupo social determinado, por exemplo, sobre os corpos que se entenden por homes e mulleres. Estes modelos establecen características tanto físicas como de personalidade e de comportamentos. Inclúen actitudes, roles, imaxinarios, expectativas... e determinan os ámbitos que cada un debe ocupar (as mulleres nos espazos privados e os homes nos espazos públicos).

Os estereotipos de xénero responden as típicas frases como “a muller na casa e o home no traballo”, “a muller débil e o home forte”, “os homes non usan saia e as mulleres non usan garavata”, “as mulleres non saben conducir” “os homes non saben ser delicados”.

Nestes estereotipos atópanse os estándares de beleza, os cales constitúen unha construción social que debuxa o marco do que se considera como belo para cada xénero. Así, o ideal de beleza feminina é asociado a delgadeza, as curvas, o cabelo longo, a pel sen marcas, branca,... Mentres que o ideal de beleza masculina (mais laxo, por certo) está vinculado a altura, a forza física, entre outros trazos. Todo isto funciona para es-

tigmatizar, discriminar e excluír unha gran parte de persoas ao establecer xerarquías, violencias e relacións de dominación e competición entre elas.

Estes estereotipos sociais trasládanse ao imaxinario do entroido, sobre todo os disfraces, nos que ademais de reproducilos existe unha hipersexualización, especialmente naqueles dirixidos ao sexo-xénero feminino. Ou sexa, vemos que disfraces de personaxes e profesións, incluso os de animais están divididos por sexos (home e muller) segundo os estereotipos de xénero. Por exemplo: xoaniñas para as nenas, sapos para os nenos; enfermeiras para nenas, médicos para os nenos (atención ao xénero das palabras empregada para cada disface).

Cando atopamos unha mesma profesión para ambos os sexos, como o de policía, as diferenzas vense nunha maior sexualización dos disfraces femininos con saias cortas, escotes e maquillaxe feminizada; e unha masculinización dos elementos para os nenos, con armas maiores e exhibición de músculos.

Desta forma, o entroido deixou de ser un espazo propicio para criticar os estándares sociais, os modelos e estereotipos, para pasar a reforzalos. Por isto, máis que nunca é necesario unha recuperación e reapropiación desta festa popular.

Cuestionar os disfraces, o seus elementos e as imaxes que queremos emitir con eles; fará que o alumnado poida tomar decisións de forma máis consciente. Tamén contribúe a sermos conscientes da nosa capacidade de acción, un paso importante para fomentar o respecto e a diversidade de corpos e de personalidades que existen na nosa sociedade.

Obxectivos

- ▶ Identificar os estereotipos de xénero nos disfraces de entroido.
- ▶ Contribuír a desmontar os estereotipos de xénero.
- ▶ Promover a igualdade e o respecto.

Materiais

- ▶ Follas de papel
- ▶ Pinturas



Paso a paso

1. Introducimos o tema preguntando cales foron os traxes de entroido que os alumnos/as usaron o ano anterior ou que desexan usar este ano. Apuntamos no encerado.
2. Preguntamos quen habitualmente viste estas disfraces e por que. Por exemplo: Superman, Branca Neves, Pepa Pig, etc.).
3. Logo, damos a cada alumno/a unha folla na que deberán traballar de maneira individual escribindo e debuxando sobre o seu disfracce de entroido.
4. Nesta folla deberán debuxar o seu disfracce e apuntar as características desa personaxe. Por exemplo:
 - ▶ Super man/forte, ten cor azul, ten músculos, alto, rápido...
 - ▶ Pepa Pig/leva saia, pendente, rosa, cariño-sa, intelixente, estudosa, responsable...
5. Rematada a parte individual, volvemos ao gran grupo.
6. Preguntamos cales son aquelas características que habitualmente asociamos ás nenas e ás mulleres.
7. Apuntamos no encerado e Facemos o mesmo coas características que habitualmente asociamos ós nenos e ós homes³.
8. A persoa dinamizadora debe explicar o que significan estes estereotipos e dialogar co alumnado sobre as súas consecuencias. Pódense utilizar imaxes de debuxos animados, superheroes ou personaxes míticas para axudar nesta análise.

³ Atención! Vale utilizar as mesmas características, pero cando isto ocorre é importante certificar se é o estereotipo, un desexo, unha realidade ou cales son os matices. Por exemplo: "timidez" Quen se asocia habitualmente a esta característica? Hai rapaces tímidos? É esta a realidade? Cal é a imaxe que se emite habitualmente sobre como é un rapaz? É esta característica que queremos sinalar? No caso de ter as ideas claras respectamos o exposto polo grupo.

9. Despois, pedimos que fagan parellas e que fagan a análise de xénero do disfracce da súa compañeira ou compañeiro.
10. Cada parella debe verificar o sexo asignado ao personaxe e se as características apuntadas se remiten aos estereotipos masculinos e femininos.
11. Rematada a análise, entregamos unha nova folla en branco ao alumnado para que debuxen un disfracce que non conteña estereotipos de xénero ou que reivindique a igualdade.
12. Estes novos debuxos son expostos na aula para que todo/as poidan ter ideas de como podería ser un disfracce que non reproduza os estereotipos de xénero.

Puntos a ter en conta

- ▶ Nesta dinámica é fundamental que o profesorado sexa capaz de relacionar e achegar os estereotipos de xénero a realidade das crianzas.
- ▶ É traballo do profesorado axudar a que as vexan no seu día a día, por exemplo, nos xogos, roupas, espazos que ocupan e incluso, nos tipos e formas de disfracce que levan no entroido.
- ▶ Hai que ter en conta que a maior parte das veces estes disfraces están reforzados polos pais/nais e polos medios. Pode ser interesante preguntar quen escolle os disfracce, se son elas as que elaboran ou se son mercados.
- ▶ Canto máis pre-fabricado e mercantilizado sexa o disfracce, é máis probable que represente estereotipos máis segregados. Por isto, potenciar a creatividade é fundamental, tamén o é buscar alternativas aos estándares, xa que contribúe a romper coas normas que nos oprimen.
- ▶ Tamén é importante prestar atención a que nun mesmo disfracce pode haber matices que van dicir cal é o sexo (home/muller). Isto ocorre principalmente cando van de animais ou seres fantásticos. Sobre estas características é fundamental que se dea visibilidade. Habitualmente hai unha sexualización nos disfraces dirixidos para as rapazas e unha hipermasculinización para os dos rapaces.
- ▶ Hai que destacar que o entroido é un momento no que socialmente se permiten transgresións

de xéneros, isto non implica que non sexa sexista, homófobo ou tránsfobo. Hai que estar atentos/as aos contidos que se están xerando nestes disfraces alertando ao alumnado sobre as súas condutas e sobre a mensaxe que poidan transmitir as súas idades.

ACTIVIDADE 7. Colocar a vida no centro

Introdución

A división sexual do traballo é unha das formas na que se expresan as desigualdades e xerarquías das relacións de sexo-xénero da nosa sociedade. Ese reparto de tarefas coloca aos homes no ámbito dos traballos remunerados (público) e as mulleres nos traballos domésticos e de coidados (no ámbito do privado).

Unha das consecuencias é a limitación ou beneficio dunhas fronte a outras á hora de desempeñar certas tarefas, ter determinados comportamentos e desenvolver certas habilidades.

Unha das formas de representar a pouca visibilidade dos coidados e dos traballos reprodutivos é por medio da imaxe dun iceberg. Arriba sitúanse os traballos que se dan no ámbito público e na parte somerxida, os coidados que sustentan a vida cotiá.

Reflexionar sobre isto é poñer unha mirada crítica sobre como a nosa sociedade está organizada e como a economía, a política, a xustiza, a educación, os comportamentos, os valores e as actitudes que están articuladas de forma que sustentan e reproducen desigualdades relacionadas co sexo-xénero.

Esta división sexual das actividades humanas, tamén se articula cos valores do sistema capitalista de competencia, produtividade e explotación dos recursos do planeta, sen cuestionar os seus límites e impondo o lucro sobre a vida. Esta lóxica vai dende as estruturas sociais máis amplas (economía internacional, Estados e multinacionais) ata aquelas estruturas menores, entre individuos.

Neste “xogo social”, as persoas historicamente responsables das tarefas fundamentais para o benestar e reprodución da sociedade son as máis prexudicadas. Nestes colectivos están as mulleres, en especial, as de orixe no sur global; racia-

lizadas e pobres. Non podemos esquecer nos das cadeas globais de coidado!

Os coidados e os traballos entendidos como reprodutivos, aínda que esenciais na existencia humana, seguen a ter pouco valor social e pouca contribución económica. A pesares da inclusión masiva das mulleres no mundo chamado produtivo, elas non deixaron de ser responsables do mundo reprodutivo.

Por outra banda, os homes movéronse moi pouco para adquirir responsabilidades das actividades reprodutivas, resultando descompensado o nivel de esixencia, de obstáculos e de oportunidades para homes e mulleres, polo tanto, créase unha situación de extrema inxustiza.

Coa participación das crianzas construiremos colectivamente un iceberg para pensar nestas actividades, en como separamos o ámbito público do privado; as actividades reprodutivas das produtivas, e en como as valoramos de forma diferente e desigual. Desta forma, reflexionaremos e estimaremos os cambios de actitudes, de percepcións e de valores sobre as actividades humanas, para poñer a vida no centro dos nosos obxectivos sociais.

Obxectivos


- ▶ Entender a división social e sexual que fai a nosa sociedade entre o ámbito público/privado e traballo reprodutivo/produtivo.
- ▶ Promover unha visión crítica sobre a división sexual do traballo.
- ▶ Dar visibilidade ás actividades e labores domésticos e de coidados tradicionalmente asignados ás mulleres.

Materiais

- ▶ Imaxe do iceberg da división do traballo: produtivo e reprodutivo (proposta no anexo).
- ▶ Tarxetas.
- ▶ Rotuladores.
- ▶ Papel para un mural
- ▶ Revistas, xornais, imaxes previamente seleccionadas, etc.

Paso a paso

1. Invitamos a toda a aula a construír un iceberg de todas as actividades humanas.



2. Antes de empezar, aclaramos que a idea do iceberg é identificar aquelas actividades humanas que son máis visibles, sendo colocadas na parte superior e as menos visibles na parte inferior ou somerxida.
3. Explicamos que aquelas actividades que son moi importantes, deberán estar na parte visibles, e abaixo, colocaranse as que os participantes pensen que non son tan importantes para a supervivencia.
4. Empezamos por facer unha chuvia de ideas de todas aquelas actividades humanas e preguntamos se son actividades máis ou menos visibles, máis ou menos importantes para a vida.
5. Invitamos a que escriban estas actividades en tarxetas. Podemos dar unha cantidade a cada alumno ou aos pequenos grupos.
6. Despois de escribir as tarxetas, analizámolas colectivamente se estas son actividades que deben estar enriba ou debaixo da auga, e colocámolas nunha parte visible da aula formando o iceberg.
7. Despois, analizamos conxuntamente o iceberg e preguntamos se está relacionada coa nosa realidade. As preguntas poderán ser do tipo:
 - ▶ Que características teñen as actividades que están na parte superior do iceberg?
 - ▶ Por que pensamos que son máis importantes?
 - ▶ Quen son as persoas que habitualmente executan estas actividades?
 - ▶ Cal é o valor que se lles dá a estes traballos?
 - ▶ É a mesma? Son diferentes? É así en todo o mundo? Sempre foi así? Como era no pasado?
 - ▶ É difícil valorar a importancia das actividades? Por que?
 - ▶ Cales son as consecuencias desa separación?
 - ▶ Onde podemos ver esa separación na nosa contorna e na nosa sociedade?

8. Neste debate presentamos o iceberg que separa o traballo produtivo e reprodutivo (proposta en anexo). Explicamos o que a nosa sociedade entende e o porqué.
9. Devolvemos a cuestión ao grupo, preguntando se eles/as están de acordo con esa separación. Se eles/as ven esa separación na súa contorna, se lles parece xusto e sustentable.
10. E por fin, cuestionamos sobre as súas consecuencias.
11. Comparamos o noso iceberg coa imaxe. Verificamos as similitudes e diferenzas. Pondo o foco sobre os valores que fan que esta separación exista e as causas e consecuencias para as nosas vidas e das demais persoas. Este é o momento de valorar os traballos reprodutivos e de coidados.
12. Para finalizar, podemos facer unha gran imaxe con recortes de revistas, xornais e debuxos, na que no centro estean representadas todas aquelas actividades humanas que son máis valiosas para a vida e o ben-vivir. Logo, na periferia desta imaxe, colocar aquelas que contribúen menos, ou deben ser menos valoradas.

Puntos a ter en conta

- ▶ A profundidade deste debate coas crianzas vai depender moito das súas idades e a madurez do grupo. En todo caso, é unha excelente franxa de idade para darse conta e valorar as diferentes actividades que persoas da súa contorna executan e de como estas son valoradas.
- ▶ Tamén poden entrar no debate aquelas actividades que eles/as aprenden e executan nas súas casas, podemos facer a análise por sexo-xénero.
- ▶ Independente do grao de madurez do debate conseguido, o obxectivo da actividade é poñer en cuestión os valores outorgados ás actividades produtivas como máis importantes que as reprodutivas.
- ▶ Valorar as actividades dos coidados é transformador, pois posibilita o cambio nos eixos que sustentan as relacións de poder. Este é un debate e unha tarefa que se pode facer de maneira constante.
- ▶ Sobre as actividades humanas, o alumnado pode incluír as de lecer. Estas forman parte das actividades reprodutivas e teñen gran valor para a calidade de vida. Sen lecer, a capacidade de estar activa, atenta, de concentración dunha persoa é moi reducida. Estudos tamén apuntan sobre a influencia na lonxevidade.
- ▶ Neste ámbito é importante destacar os suxeitos que máis gozan do tempo libre e das actividades de lecer e cales son esas actividades. Como estas se dividen. Moitas veces enténdese como unha actividade de lecer para as mulleres ir a un curso de pintura, mentres que para os homes esta mesma actividade sería produtiva, xa que el está adquirindo coñecementos. Outro exemplo é con respecto a ir ao parque coas crianzas, os/as fillos/as. Seguramente exista moito pracer nesta actividade, pero é importante lembrar que nesta actividade está incluído o coidado, a educación e a responsabilidade para con eles/as.

GLOSARIO

Feminismos: movementos teóricos, sociais e políticos que buscan, desde diferentes formas, rachar coas desigualdades e inxustizas relacionadas co sistema sexo-xénero. Noutras palabras, buscan a igualdade entre as persoas, o que supón unha toma de conciencia colectiva e a súa mobilización para transformar a sociedade.

Sexo: Habitualmente fai alusión á herdanza xenética que proporcionan certas anatomías e aspectos, que a nosa sociedade divide en dúas opcións: home e muller. Na actualidade, esta perspectiva sobre o sexo está sendo rebatida, xa que non é posible afirmar que o sexo, como un feito “natural/biolóxico” exista separado da cultura. Ademais, hai constancias de que hai diferentes culturas na que non existen só dous sexos.

Xénero: Termo utilizado para delimitar o que entendemos por masculino e feminino. É a construción cultural que fai unha sociedade nun momento histórico e cultural determinado a partir das diferenzas coñecidas como sexo, que no noso caso divídense en dous.

Identidade de xénero: sentimento de pertenza ou non a un ou varios xéneros. Tradicionalmente considerábanse dúas, muller e home, directamente relacionados co sexo asignado no nacemento. Na actualidade sabemos que as persoas poden ter un xénero coincidente co seu sexo asignado no nacemento (persoas cis) ou non coincidente (persoas trans), que poden non ter ningún sentimento de pertenza a un xénero (a-xénero) ou a varios á vez (polixénero, xéneros fluídos...)

Trans: É un termo de orixe médica que diagnosticaba un comportamento de xénero atípico. Hoxe úsase para referirse as persoas que se desmarcan do xénero que se lles asignou ao nacer. Son persoas que cruzan as fronteiras que son construídas pola súa cultura para definir os patróns que son propios para os homes ou para mulleres. Como identidade, engloba unha heteroxeneidade de experiencias de persoas transexuais, transxéneros, e outros termos que sinalan a transgresión das normas de xénero binarias.

Estereotipos de xénero: Son aqueles que crean expectativas sociais, actitudes e roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

Roles de xénero: Sons construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Asignan aos homes a masculinidade e ás mulleres a feminidade, para o caso das sociedades occidentais. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados á lóxica binaria (muller/home).

Heterosexismo: asumir a heterosexualidade como a orientación social maioritaria e normalizada. É un dos motores da transfobia e da homofobia, xunto co binarismo de xénero. Eles promoven o castigo a transgresión dos roles de xénero tradicionais, forman parte inherente da aprendizaxe social.

Sexismo: expresión da discriminación baseada no sexo, caracterizada por diferenzas e por un trato desigual entre homes e mulleres, pero, especialmente, pola supeditación dun sexo sobre o outro. Dada a nosa estrutura de sexo-xénero, o sexismo dáse do sexo masculino cara o feminino. Esta xerarquización, baseada no poder, é unha característica de calquera práctica discriminatoria.

Misoxinia: Orixinada da unión entre os termos gregos “miseo” e “gyne”, cuxos significados son respectivamente odio e mulleres. A palabra misoxinia é usada para definir o sentimento de aversión, repulsa ou desprezo polas mulleres e valores femininos. Este sentimento tradúcese en comportamentos machistas, cuxas opinións, actitudes buscan o establecemento e a manutención das desigualdades e xerarquías entre homes e mulleres, contribuíndo á crenza de superioridade do poder e da figura masculina.

Cadeas globais de coidado: “Son cadeas de dimensións supranacionais que se conforman co obxectivo de soste a vida cotiá, e nas que os fogares transfieren os traballos de coidados uns aos outros con base a eixos de poder, entre os que cabe destacar o xénero, a etnia, a clase social e o lugar de procedencia. (...) En todo caso, a extensión e forma das cadeas dependen da distribución intrafamiliar dos coidados. Dependen tamén doutros factores como a existencia de servizos públicos de coidados, o peso do sector empresarial organizado, das políticas migratorias, a regularización do emprego doméstico, etc. (...)” (OROZCO, Amaia. **Cadeas globais de coidado.** o Instituto Internacional de Investigacións e Capacitación das Nacións Unidas para a Promoción das Mulleres. 2007, p.4)

Anexos

ACTIVIDADE 1. Que é isto do 8M?

Guión inicial da investigación

- ▶ Que é o 8 de marzo?
- ▶ É a primeira vez que hai un 8M?
- ▶ Que ocorre neste día? Por que?
- ▶ Cales son o obxectivo deste día? Que queren? Que buscan? Que pretenden?
- ▶ Cales son as súas reivindicacións? Son as mesmas en todos os lugares?
- ▶ Onde ocorre?
- ▶ Quen organiza e/ou quen participa?
- ▶ Que se espera que pase este día na súa contorna?
- ▶ Cal é a súa opinión sobre o 8M?

ACTIVIDADE 2. Des-caracterizar o sexo-xénero?

Lista de características

cabeza	ten barba
brazo	coida da casa
perna	sempre se arranxa para saír da casa
peito	paciente
tetas	dependente
ovarios	sensible
pene	tende á submisión
vulva	usa a violencia
testículos	non regula a forza
traballa moito	chora moito
intelixente	xoga coas bonecas
é máis forte	xoga cos carros
non chora	gústalle o fútbol
valente	gústalle o ballet
xefe de familia	gústalle falar
gústalle o risco	coida as crianzas e as persoas maiores
é máis débil	ten as mans delicadas
usa saia	é máis paciente
usa pantalón	dánselle ben os números
usa maquillaxe	dánselle ben o debuxo
usa pendentes	dánselle ben os vídeos xogos

dáselle ben o baile
ten a letra máis bonita
non coida as demais persoas
gústalle pelexar cos e coas compañeiros/as
usa gravata
xoga ao fútbol gaélico
toca a pandeireta
toca a gaita
ten o pelo longo
ten o pelo curto
toca o tamboril
usa pinta labios
ten bonecos
dáselle ben a tecnoloxía
dáselle ben estudar
gústanlle as nenas
gústanlle os nenos
á máis amorosa
usa bragas
usa calzóns
usa suxeitador
usa pantalóns apertados
fai moitas bromas

non fala moito
gústalle o rosa
usa tacóns
delgado
delgada
alto
alta
gorda
gordo
negro
negra
branco
branca
ollos verdes
ollos marróns
traballa fóra da casa
traballa dentro da casa
arranxa coches
fai peiteados
sentimental
racional
gústalle o arco da vella

8M 2020

